

PREMIOS

Establécense tres premios por cada categoría de participación

A CATEGORÍA A

- 1º PREMIO: Diploma, figura conmemorativa e lote de libros.
- 2º PREMIO: Diploma e lote de material escolar.
- 3º PREMIO: Diploma e lote de material escolar.

B CATEGORÍA B

- 1º PREMIO: Diploma, figura conmemorativa e libro electrónico.
- 2º PREMIO: Diploma e lote de material escolar.
- 3º PREMIO: Diploma e lote de material escolar.

C CATEGORÍA C

- 1º PREMIO: Diploma, figura conmemorativa e tableta.
- 2º PREMIO: Diploma e lote de material escolar.
- 3º PREMIO: Diploma e lote de material escolar.

D1 CATEGORÍA D1

- 1º PREMIO: Diploma, figura conmemorativa e 500 euros.
- 2º PREMIO: Diploma e figura conmemorativa.
- 3º PREMIO: Diploma e figura conmemorativa.

D2 CATEGORÍA D2

- 1º PREMIO: Diploma, figura conmemorativa e 500 euros.
- 2º PREMIO: Diploma e figura conmemorativa.
- 3º PREMIO: Diploma e figura conmemorativa.

Poderanse conceder accésits

As persoas autoras premiadas serán convocadas ao acto de entrega de premios, o día 19 de xuño de 2026, ás 19 horas, no Salón de Plenos do Concello de Meira.


CONTACTO

www.poetaavelinodiaz.gal

poetaavelinodiaz@gmail.com

IX CERTAME DE DEBUXO E CREACIÓN LITERARIA AVELINO DÍAZ

www.poetaavelinodiaz.gal



PRAZO DE
ENTREGA DE
ORIXINAIS
17 DE MAIO DE
2026

COLABORA

Avelino Díaz
ASOCIACIÓN CULTURAL

CONVOCAN



Concello
de Meira



CONCELLO DE
RIORTORTO

BASES

Co obxectivo de contribuír á divulgación da vida e da obra do autor, os CONCELLOS DE MEIRA E RIORTORTO, en colaboración coa ASOCIACIÓN CULTURAL AVELINO DÍAZ, convocan o IX CERTAME DE DEBUXO E CREACIÓN LITERARIA AVELINO DÍAZ

01 PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán participar todos os autores e autoras que o desexen cunha única obra ou conxunto de tres poemas.

03 DEBUXOS

Os debuxos serán de formato e temática libre.

04 POESÍA E RELATO

Nas categorías B, C e D, os traballos presentaranse escritos en lingua galega. Na modalidade de poesía poderá presentarse un conxunto, como máximo, de tres (3) poemas de temática e forma libres. Na modalidade de relato curto, os traballos estarán tamén escritos en lingua galega, serán presentados a dobre espazo, terán unha extensión máxima de seis (6) folios e mínima de un (1) folio, e a súa temática será libre.

06 DECLARACIÓN

Nas categorías B, C e D, xunto cos orixinais deberá ser remitida unha declaración responsable de non ter usado a Intelixencia Artificial para a creación das obras.

02 CATEGORÍAS

- A.- De 3 a 8 anos. Debuxo, exclusivamente.
- B.- De 9 a 12 anos. Poesía, exclusivamente.
- C.- De 13 a 17 anos. Poesía, exclusivamente.
- D.- De 18 anos en adiante.
 - D.1.- Poesía.
 - D.2.- Relato curto.

05 PRAZO DE PRESENTACIÓN

Enviarase un (1) único exemplar do debuxo e tres (3) exemplares en papel de cada un dos outros traballos. No sobre exterior figurará un pseudónimo ou lema, pero non o nome da persoa autora. Indicarase tamén a categoría á que se presenta o traballo. Nun sobre pechado interior, coa reprodución do pseudónimo ou lema e da categoría á que se presenta, introduciranse os datos de identificación da persoa autora (nome, idade, enderezo postal, enderezo electrónico, teléfono e, se é o caso, curso e centro onde estuda). O sobre interior só se abrirá no caso daqueles traballos que resulten premiados.

O envío realizarase ao enderezo:
Asociación Cultural Avelino Díaz
Centro Sociocultural
Rúa Federico González, s/n.
27240 Meira (Lugo)

Os centros educativos poderán realizar un único envío de todos os seus traballos.

07 PRAZO

O prazo de entrega dos traballos remata o 17 de maio de 2026.

08 PREMIOS

Calquera dos premios poderá ser declarado deserto. Poderán tamén, de ser o caso, concederse accésits.

10 ACTO DE ENTREGA

As persoas autoras premiadas serán convocadas ao acto de entrega de premios, o día 19 de xuño de 2026, ás 19 horas, no Salón de Plenos do Concello de Meira.

12 ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no Certame implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade. As institucións convocadoras son competentes para resolver todas as cuestións que poidan xurdir de cara á súa interpretación.

09 XURADO

O Xurado será designado polas institucións que convocan o Certame. Actuará como secretaria unha persoa designada pola A.C. Avelino Díaz, con voz pero sen voto. O fallo comunicaráselles directamente ás persoas interesadas e publicaráse nas páxinas web e nas redes sociais dos concellos convocadores e da A.C. Avelino Díaz.

11 DESTINO DAS OBRAS

As obras premiadas no Certame quedarán en propiedade das institucións convocadoras, reservándose estas, en exclusiva, o dereito a editalas. As obras non premiadas non serán devoltas, podendo as persoas interesadas recollelas na sede da A.C. Avelino Díaz no prazo dun mes despois da proclamación das persoas premiadas. De non ser así, serán destruídas

*¿Quen dixo, craro río Miño
que naces en Fumiñá
se xunt-a Monterredondo,
xa pasas, feito un rapaz?*

AVELINO DÍAZ
(A Órrea, 1897 - Buenos Aires, 1971)
Poeta e xornalista
Autor de 1.178 poemas

